

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Fonte da Nosa Señora, en Beariz

Na parroquia de Beariz, concello de Beariz (Ourense).

No Val do Chau hai unha fonte case milagreira. Chámanlle a "Fonte de Nuestra Señora". Nace nunha pequena pendente e corre mainiñamente entre os coios de seixo. Somenten auga dende mediados de outono ata comezos de verán, que chega a estiñar completamente. E unha auga media morna, dunha suavidade extraordinaria, que ó bebela, un sente non só que apagou a sede, senón tamén o ben-estar que deixa a suavidade coa que se desliza pola gorxa. Hai unha lenda que di que nese lugar se lle apareceu Nosa Señora a unha mulleriña, e onde a Virxe puxo os pés, agurgullou a fonte.

[Xesús Antonio GULÍAS LAMAS, « As fontes da parroquia de Beariz», en *O Quince*, 1993].